



PORCINO CEBADO			
EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,330	-0,01	<p><b>O ano comeza cunha baixa no cebo:</b> A cotización do cebo rexistra unha baixa nesta primeira semana do ano e as interpretacións entre as partes son contrapostas; a produción manifesta que o incremento nos pesos é puntual froito do regueiro de festivos que deixan sempre atrasos nestas datas por unha menor actividade. Porén os matadoiros din que a oferta é ampla e visto o descalabro das cotizacións no norte de Europa nas últimas semanas do ano (-12 céntimos en Alemania), presionaron sobre os mercados cárnicos que voltan a moverse á baixa.</p> <p><b>Análise de Mercado.</b> Como é de agardar os pesos subiron (máis de quilo e medio en matadoiro) aínda que compre salientar que estes son inferiores aos rexistrados no pasado ano. Deste xeito, é moi probábel que a oferta non sexa tan ampla, e tras a dixestión destes festivos é esperábel que se manifeste a redución estrutural da oferta tras un longo ano de crise de custos.</p> <p><b>Mercados Europeos:</b> A estabilidade nos mercados do norte Europeo na primeira semana de ano (Alemania, Holanda e Bélxica) xunto cun lixeiro retroceso Francés, parece ser un sinal de que estes están ben posicionados na exportación cando esta recobre o pulso. Chama a atención a baixa Danesa da presente semana e que parece reacción á exportación a terceiros países penalizada outravolta polo dólar barato.</p>
SELECTO	1,055	-0,01	
NORMAL	1,030	-0,01	
CASTRADO	1,490	-0,01	
CANAL II	1,338	-0,013	
DESVELLE	0,77/0,83	0,00	

BACORIÑOS				
BASE 20 KGS.	EUROS			
	KG.	UNIDADE	DIF	
SELECTO	1,73	34,50	0,00	<p><b>Estabilidade no mercado dos bacoriños:</b> Quinta semana consecutiva de estabilidade nas cotizacións do bacoriño, tras as catro semanas de alzas (+12,50 €) de novembro e decembro, que deixan certa incertidume no mercado. Aínda sendo a oferta limitada, a demanda tampouco está disposta a pagar máis, máxime tendo en conta a baixa do cebo rexistrada na presente semana.</p> <p><b>Situación de mercado:</b> A oferta é limitada tanto pola variable estacional (oferta reducida nesta época) como pola variábel estrutural (a eliminación de porcas e a integración en ciclos pechados reduciu estruturalmente a oferta); así as disponibilidades de leitóns no mercado "libre" son moi limitadas. Mais tampouco as datas do Nadal son as máis propicias para a demanda; o regueiro de festivos deixa sempre atrasos nas saídas do cebo e con isto tampouco se deixan grandes ocós que encher no cebadoiro. Calma pois de momento a espera de ver como despega o mercado do cebo tras os festivos de nadal.</p>
NORMAL	1,68	33,50	0,00	

OVOS					
CLASE	EUROS				
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,58	0,00	1,58	0,00	<p><b>Estabilidade nas cotizacións do ovo:</b> A estabilidade nas cotizacións volta á taboa da Lonxa permanecendo estábel dende a suba rexistrada na Lonxa do 16 de decembro, e que afectara daquela a todas as gramaxes. Mais aínda que cabería pensar que se mantén a fortaleza comentada no último tramo do ano, por unha oferta axustada e unha demanda, sobre todo industrial, nuns bos niveis, chegan os primeiros signos de baixa nos mercados Europeos de Referencia. Polo tanto, e aínda que xaneiro é un mes de relativa calma no mercado do ovo, poder rexistrarse baixas do actual nivel de cotizacións unha vez pasada a resaca destas datas do Nadal.</p>
L	1,35	0,00	1,35	0,00	
M	1,29	0,00	1,29	0,00	
S	0,99	0,00	0,99	0,00	

GALIÑAS DE DESVELLE			
	EUROS		
	KG.	DIF	
SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,32/0,44	0,00	<p><b>Estabilidade na cotización das galiñas:</b> O ano comeza no mercado das galiñas de desvelle do mesmo xeito que rematou o 2008: con firmeza. A redución da oferta (cunha compoñente estrutural - menos censo, e cunha compoñente coxuntural - a fortaleza no mercado do ovo tamén fai que se reduza a oferta de cara o matadoiro) xustifica unhas cotizacións estábeis e mesmamente con repuntes á alzas, como as rexistradas no último tramo do pasado ano. Sendo altas as cotizacións ao longo de 2008, o ano comeza cunhas cotizacións aínda superiores (+10%).</p>

COELLO			
	EUROS		
	KG.	DIF	
GRANXA EN VIVO			<p><b>Descalabro nas cotizacións do coello:</b> O ano comeza do mesmo xeito que rematou o pasado; Baixa forte na cotización do coello que leva acumulado 31 céntimos nas dúas últimas semanas, e que non deixa satisfeito a ningún; a produción segue a insistir na necesidade de manter unhas cotizacións estábeis e por riba dos custos de produción para poder subsistir, máxime tendo en conta o axuste da oferta de coello en granxa; porén os matadoiros manteñen que o consumo está trabado, polo que é necesario reactivalo vía caídas substanciais da cotizacións.</p>
NOVO	1,51	-0,16	



BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	137.919
TOTAL ASISTENCIA	710		
TOTAL ADXUDICADOS	670		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	98	79
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	102	122
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	142	167

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	361	234
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	364	271
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	373	346

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	354	325
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	534	410

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	133.250
TOTAL ASISTENCIA	220		
TOTAL ADXUDICADOS	202		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.458
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	947
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	531
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	240

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	29.222
TOTAL ASISTENCIA	51		
TOTAL ADXUDICADOS	35		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,43	*
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,22	2,03
RAZA RUBIA GALEGA	2,51	2,37

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría